

## Tarefas de Historia 3º da ESO para facer na semana do 14 ao 17 de abril

Ola alumnas, como foron esas vacacións? Espero que descansárades dabondo para acometer esta 3ª avaliación, onde debemos seguir a traballar un pouquiño máis para evitar que o virus, ademais de confinarnos nas nosas casas, tampouco envíe as nosas mentes ao mundo da oscuridade medieval, do que nos sacaron os grandes homes de Renacemento. Guau, vaia símil ou comparación espectacular (co permiso do departamento de lingua) que me acabo de marcar, eh? Aínda que xa sei que, a estas alturas, algún de vós me poderíades corrixir, afirmando que a Idade Media non foi tal: ese mundo culturalmente tan atrasado que tantas e tantas veces nos quixeron vender, non si?, aqueles renacentistas. E é que, daquela, igual que acontece hoxe en día, os seres humanos pensaban que eles eran moito máis “guais” que os de atrás, que eran unha panda de carcas e aburridos. Sónavos, verdade?

Bueno, entón, seguindo nesta liña argumentativa, imos rematar esta semana o tema 10, Novas formas de pensar: Renacemento e Reforma, centrándonos precisamente nas características máis importantes, desa gran “revolución” que, para a nosa cultura occidental, supuxo esa corrente filosófica e cultural que foi o Humanismo, e que, entre outras, tivo como consecuencia a aparición dunha nova corrente artística; o Renacemento.

Logo, imos proceder así:

- Facemos todas as actividades das páxinas 262 a 265, menos as de usar as Tic e o traballo cooperativo.
- A continuación rematamos coa actividade da páxina 265, Realizar unha ficha autobiográfica de Lourenzo de Médici. Para iso podedes empregar este enlace:

<https://www.lavanguardia.com/historiayvida/edad-media/20181228/47310606667/el-dia-en-que-casi-murio-el-magnifico.html>

Un texto que se basa nun artigo publicado no número 434 da revista Historia y Vida. Unha das revistas de historia, e hoxe en día hai moitas, que máis recoñecemento teñen pola súa seriedade e rigurosidade académica. Que non todo vai ser a wikipedia e o Rincón do vago.

E isto e todo, amigoas. Espero que pasárades unhas festas tranquilas e que, agora, pouco a pouco, vaíamos retornando a un ritmo de traballo que nos axude a sobrelevar estas semanas que aínda nos quedan de confinamento. A seguir resistindo, champions!!!

Unha aperta solidaria,  
David.